

Estimadas familias:

Con respecto ó disfraz de entroido: imos ir de “emoticonos”. Deste xeito, a tea que se vai a utilizar, vaise repartir dende o centro e estará cortada de tal xeito que xa quitedes dela o disfraz dos vosos fillos/as

Tedes que facer dous círculos cun diámetro de :

1º e 2º de Educación Primaria: 50 cm. aproximadamente.

3º e 4º de Educación Primaria: 55 cm, aproximadamente.

5º e 6º de Educación Primaria: 60 cm, aproximadamente.

Hai unha plantilla de papel na clase para copiala ou levala, podedes ir pasándovola ou se sodes apañados/as con marcar dous círculos que teñan ese diámetro é suficiente.

Despois tedes dúas opcións:

- Ou facelo todo dunha soa peza (coma se fose un “pichi”) e facer dúas tiras de:
 - 1º e 2º de Educación Primaria: 20-25cm máis ou menos e dun ancho de 4-5cm como se todo fose unha única peza.
 - 3º e 4º de Educación Primaria: 25-30 cm, aproximadamente, e cun ancho de 5-6 cm.
 - 5º e 6º de Educación Primaria: 30 cm , aproximadamente, e cun ancho de 6-7 cm.
- Ou cortar os círculos por unha banda, e por outra facer as tiras e coselas ou pegalas axustándoas o máximo posible ós vosos fillos/as.

Ademáis, levan tamén un “modelo” para que o recortedes e tomedes a base para os ollos e para a boca. Para iso, podedes utilizar goma eva, ou tea, ou fieltro ou o que vós consideredes, pero que sexan de cor negra no caso de 1º e 2º de EP. No caso de 3º e 4º, a plantilla enviada polas respectivas titoras xa especifican a cor de cada partes.

As medidas son aproximadas, xa que medimos ao neno/a máis alto de cada curso, pero se vedes que o voso fillo/a esa medida lle queda curta ou demasiado grande, adaptádello á súa medida. En todo caso, o disfraz deberá quedarlle por debaixo do cu máis ou menos.

Ademáis, na metade das circunferencias estaría ben que fixérades unhas tiras ou lazos para poder atar de xeito lateral para que non se lles levante (podedes usar lazo negro, ou parte da tea que vos sobre). Podedes coser, ou utilizar velcro , iso xa a vosa elección.

Deberían traer o disfraz un día ou dous antes para telos na clase, poñédelles o nome por dentro con bolígrafo.

O propio día deberán vir con roupa negra, e no seu defecto, se non tedes negra , escura, pero que sexa da mesma gama, é dicir, parte de arriba e de abaixo da mesma cor.

Se tedes algunha dúbida o martes podedes achegarvos ó colexio de 4 a 6 e resolvémola. Senón, no horario de titorías.

Un saúdo.

NOTA: imos levar un complemento na cabeza que faremos no cole.